




/ O que fixemos... /

Grazas e saúdos! 📌

Teatro e máis teatro!

Enrique Vela.

O pasado 17 de maio o noso Grupo de Teatro Tanxedoira representou por vez primeira este ano a obra **“Hoy todo son líos”**, que é unha adaptación da comedia de enredo “Un mal día” escrita por Hugo Daniel Marcos. A obra realizouse dentro dos actos do Día das Letras Galegas organizados pola Asociación de Meigas da Coruña. Coido que puidemos conseguir o que nos propomos sempre que nos poñemos diante do público: facelo pasar tan ben como nós desfrutamos nos ensaios, a pesar dos nervios que temos antes de saír!



Estector, tivo especial culpa no enredo da obra.

Repetimos a experiencia o pasado 1 de xuño no IES Calvo Sotelo dentro do Certame de Teatro Afeccionado Don Bosco, convocado pola Deputación da Coruña. Desta volta puidemos pulir un pouco máis se cabe a nosa actuación, mais pasándoo igualmente ben!

Polo momento, estas foron as nosas funcións, mais informarase puntualmente nos seguintes boletíns sobre as vindeiras actuacións.

Festa dos Maios.

O coro e a rondalla Tanxedoira foron convidados a participar na IV Festa dos Maios que se celebrou no Concello de Valdoviño o día 20 de maio. A invitación realizouna a Asociación de Veciños Santiago Apóstolo de Lago, que merecen unha especial mención polas atencións que nos brindaron como anfitrións.

Os membros de ambos os dous grupos trasladámonos en autocarro até as maravillosas e envexábeis instalacións da asociación promotora. Tal catalogación está baseada tanto na súa ubicación como polas dimensións e dotación dos edificios, que, alén diso, contaban cunha gran zona verde e un parque de xogos para as crianzas.

No programa de actuacións, tamén se achaban incluídos as Cantareiras Álvaro Cunqueiro, o Grupo de Baile Galego Álvaro Cunqueiro e o Grupo de baile Moderno. Polo demais, os grupos de Tanxedoira pecharon as actuacións da tarde.

A grande asistencia de público fixo posíbel que os diferentes grupos recibisen un baño de calurosos aplausos.



Preparados e preparadas para a enchenta e os posteriores cantos.

As condicións climatolóxicas eran excelentes para desfrutar ao aire libre daquel entorno, polo que, ao rematar as actuacións, os grupos participantes fomos convidados a mollar as nosas gorxas e comer chourizos e liscos, preparados nunha grella que tiñan instalada no exterior, onde tamén se encontraban instaladas as mesas para os comensais.

Despois de termos comido e bebido, non podían faltar as cancións que amenizaron aquela tarde-noite, até que chegou o momento de partir de regreso á Coruña.

Como é habitual xa nas nosas viaxes en autocarro, o traxecto de volta foi moito máis ameno grazas á iniciativa que xorde das máis pequenas e pequenos👍

José Luis Ponte.

Tarde de festa en Geriatros (Montrove).

Sábado 3 de xuño, os meus compañeiros e compañeiras de coro e eu xuntámonos, xa que nos convidaron a ir a Geriatros, en Montrove. Querían que lles fosemos cantar e alegrarlles a tarde aos avós e familiares e, claro, o noso director propúxonolo e alí fómonos todos e todas encantados. Digo todos porque no coro temos un grupo de nenas de entre cinco e dez anos que son a nosa alegría. A elas tamén lles gusta ir cantarlles aos avós, e estes cando as ven cantando entre os maiores alégranse moito. Tamén nos acompañou a nosa Presidenta, Leticia, coa súa guitarra, e algún compoñente máis da rondalla.



O salón encheuse para gozar das cancións.

Os avós e os familiares participaban nas cancións, pois eran dos seus tempos e de tipo tradicional, como A Rianxeira, Ai Pepiño adiós e outras coñecidas por eles. Até algún se atreveu a botar un baile. Para nós foi unha grande satisfacción velos participar e gozar. Até o meu pai, que está alí ingresado e que nunca foi moi cantarín, participou en todas as cancións.

Estivemos a cantarlles de 17:30 a 19:00 horas, porén pasóusenos ese tempo voando, pois cando estás a gusto e sabes que tamén o están eles, non importa o tempo.

A nós uniuse María, outra compañeira do coro, que por motivos de saúde non puido cantar, mais participou facendo os vídeos e as fotos da actuación.

Só dicir que me sinto moi feliz sendo da familia Tanxedoira👍

Puri Seoane.

Entrega do "Cardo de Bronce".



A Presidenta recibindo a distinción de mans da Meiga Maior Infantil.

Tamén o día 3 de xuño, a Comisión Promotora de Hogueras de San Juan da Coruña celebrou un acto de homenaxe aos galardoados cos premios "CARDO", que concede a persoas físicas e xurídicas. A entrega de premios tivo lugar no Paraninfo do Centro Eusebio da Garda, e entre os obsequiados atopábase a nosa asociación, á que lle foi outorgado o "CARDO DE BRONCE" na súa modalidade de colectivo.

Ao acto de entrega asistiu a Presidenta de Tanxedoira, Dna. Leticia Riestra, acompañada do Director do Grupo de Teatro, D. Jesús García.

Confiamos en que tal recoñecemento sirva de aliciente para continuar avanzando no desenvolvemento do obxectivo cultural que ten fixado Tanxedoira.

NORABOIA! aos socios, simpatizantes e amigos, así como ás entidades que nos mostran o seu apoio👍

Tanxedoira.

Comida Fin de Curso Grupos Artísticos.

Ola, amigos e amigas,

O sábado 10 de xuño tivemos unha comilona no local digna dun buffet de catro estrelas, polo menos.



Comensais servíndose no bufé.

Tiñamos tortillas variadas, ovos recheos, follado de xamón e queixo, lacón asado, bocartes en aceite, empanadas, friames variados, ensakadas de pasta, pastas riquísimas, melóns, queixos... en fin, de todo. E para alixeirar esta comida bailamos as avoas de noventa e tantos anos; as que non somos tan maiores, mais si avoas; as menos maiores que non son avoas; e as pequenas. É dicir, catro xeracións de bailarinas bailando felices.

Festa rachada ao son do karaoke, con música para todos os gustos.

E así finalizamos a festa, con cafés, manzanillas e poleos.

Tambén houbo partidas de cartas e, para rematar, limpamos o local entre todos os asistentes e deixámolo limpo coma unha patena.

E queremos dar as grazas a toda a directiva e aos colaboradores e colaboradoras que fixeron que este día fose posíbel.

Saíu todo requeteben!

P.D.: Para todas aquelas persoas que non estiveron este ano, recoméndovos que para o ano non perdades esta festa.

Bicos👍

Olga Espiñeira.

Expotanxe.

Máis un ano, os traballos artísticos do nutrido grupo do alumnado de bolillos, labores e abelorios fixeron posíbel montad a tradicional EXPORANXE, que ficou aberta ao público desde o 12 ao 16 de xuño, ambos os dous inclusive, no local social de Tanxedoira.

Rematado o curso, a profesora de abelorios, Paula Lema, achéganos unha visión sobre a actividade que impartiu ao longo do curso:

"Un momento de descanso e tranquilidade: iso é o que pretendin conseguir coa realización deste curso. Que o traballo coas mans faga voar un pouco

a creatividade e a diversión. Ese é o meu pequeno propósito para quen se anime a se achegar ao local e probar. E iso ímolo intentar coa vosa axuda e coa miña desde a aprendizaxe".



Arte, deseño e estilo.

Paula Lema.

Alegrando á xente de Monelos-Paxariñas.

O pasado 16 de xuño fomos convidados pola AA.VV. Monelos-Pajaritas a celebrar a festa do barrio que daba a benvinda ao verán. E como non podía ser doutro xeito, os tanxedeiros e tanxedeiras colaboramos encantados para amenizar o día do residentes desta zona coruñesa. Deleitamos os peóns cun pasarrúas variado e alegre pola mañá, que comenciamos na porta do mercado de Elviña-Monelos. Logo desplazámonos até unha sobrada praza diante dos Novos Ministerios, onde se nos uniu un espontáneo (funcionario, para máis sinais), que estaba tomando un café e arrincouse a canturrear con nós. A seguir, cantamos diante do bar Píscolabis e rematamos a xornada matutina no coñecido bar Jockey da rúa Brasil, onde nos agasallaron cunha saborosa empanada e auga fresca. Pasámolo de marabilla.



O alcalde presentando a xornada cos membros de Tanxedoira presentes.

Mais a cousa non rematou aí: pola tarde, fixemos unha actuación máis seria no palco instalado para a ocasión diante do Centro Cívico de Monelos, onde agardaban todos os veciños e veciñas para desfrutaren de diversos actos. Ao acto tamén acudiu o regidor da Coruña, Xulio Ferreiro, que dixo estar encantado coa iniciativa da AA.VV. Monelos-Pajaritas de realizar actos lúdico-festivos como o que se estaba a realizar, e felitiou os grupos asistentes: Gaiteiriños, Tanxedoira e Son de Monelos, polo seu grande labor e colaboración.

Coido que todos e todas desfrutamos moito da música e tamén das exhibicións das actividades de zumba e bailes de salón que realizaron algúns socios e socias da entidade organizadora.

Un enorme pracer. Agardamos que se volva repetir en vindeiros anos🙌

Gala Robles Vázquez.

Festival de Fin de Curso 2016-2017.

O sábado 17 de xuño celebramos o Festival de Fin de Curso de Tanxedoira no salón de actos do centro cívico de Novo Mesoiro, foi un día moita calor, mais calurosos tamén foron os aplausos que houbo pola cultura e a arte mostradas no festival, e que imos repasar.



Novos artistas e non tan novos.

Dúas rapazas simpáticas da canteira de Tanxedoira foron presentando as diversas actividades e actuacións. E que mellor que comezar coa actuación do coro de Tanxedoira que cantaron un par de boas cancións. De seguido un trío de

acordeonistas tocaron con valentía pezas populares.

Subimos á palestra os de guitarra para poñermos en práctica as ensinanzas de Leticia e Javier, con acompañamento coral e máis instrumental.

O escenario converteuse nunha pista de baile latino coa coreografía desta movida actividade, e mesmo o movemento trasladouse polos andadeiros da zona de cadeiras.

Un quinteto de pequenas grandes frautistas fixeron soar as frutas con doces melodías.

Nunha nova actividade, pandeireteiras e pandeireteiros tocaron e cantaron dúas pezas tradicionais.

O grupo de teatro interpretou unha escena de humor, en que son premiados especialistas.

A presidenta e o tesoureiro agradeceron, en nome de todos e todas a todos os monitores e monitoras das actividades a súa xenerosidade e a súa dedicación, e fixeron entrega a cada un deles dun abelorio feito polo alumnado desta actividade.

O colofón ao festival púxoo a rondalla Tanxedoira, o seu repertorio e a súa mistura de instrumentos fixeron que se escoitase música magnífica.

E para rematar, desexar que teñamos un bo verán e vernos nos vindeiro curso e próximos festivais, que serán os do 40º aniversario👉

José Antonio López.

Sardiñada.

O pasado día 1 de xullo, celebrouse a tradicional sardiñada da nosa Asociación. Este ano, ao igual que o ano pasado, celebrouse na casa de Roberto, Ana, Jorge e Carmen.

Unha boa representación de tanxedoiros e tanxedoiras estivemos a desfrutar da agradábel situación e compañeirismo que se respiraba, namentres Manolo e Luis quentaban a grella para comezarmos a saborear os manxares da terra e do mar regado todo cun bo viño, agás para os cativos e cativas, como é obvio.



Bo tempo, boa festa e boa xente.

A comida estaba exquisita e desfrutamos un montón da leria dos comensais, dos partidos de fútbol organizados por Martin (non sei como facía, mais sempre gañaba el), das cabriolas dos nenos e nenas, acompañados do noso director do coro e da rondalla David, na cama elástica, así como da xa tradicional e disputada partida de cartas.

Daba preguiza marchar para casa, mais ao día seguinte tiñamos que coller o bus para irmos de excursión. Porén, aínda así alongamos o evento todo o que puidemos. A verdade é que pouco máis se pode pedir: comida, bebida, xogos e amizade. Sempre é un pracer pasar unha tarde/noite con tan boa xente👉

Cristino Conde.

Excursión de Tanxedoira 2017.

A excursión deste ano non comezou con moi bo tempo, mais si con bo humor, sobre todo as máis pequenas, que comezaron a cantar e desfrutar desde moi cedo.

A primeira foi Cedeira. Era moi cedo e a vila aínda estaba por despertar, mentres os tanxedoiros e tanxedoiras tomábanos un peque o almorzo.

Despois desta parada, tomamos rumbo hacia Santo André de Teixido, onde todas as persoas que até alí fomos fixemos o ritual da fonte para conseguir tres desexos, alén de apañar unha herba para conseguir unha persoa de quen namorar (a quen lle fixera falta, claro!). E non podemos esquecer a obrigada visita á capela do santo.

Outra parada foi no mirador da Herveira, desde onde non alcanzamos ver nada agás nubes. E iso que está sobre os acantilados máis altos da Europa continental. Pola contra, si que vimos moitos cabalos e eguas que pacían libremente por aquela contorna.



Os excursionistas no camiño da luz.

Alcanzamos a metade do noso percorrido na praia de Morouzos, onde facía moitísimo vento, polo que a mellor opción era estar tumbado na toalla e co xersei posto.

O tempo melloraba conforme nos achegabamos a Estaca de Bares, o punto máis ao norte da Península Ibérica, e alí puidemos desfrutar dunhas vistas impresionantes.

Por último, O Barqueiro: unha vila cun encanto especial, a pesar das súas pequenas dimensións. Desfrutamos duns petiscos e, xa preparados, fomos, finalmente á praia do Esteiro, onde maiores e crianzas desfrutaron da pequena charca da ría con baños, xogos e demais... con isto púxose fin á excursión deste ano, en que aproveitamos moito o tempo, alén de coñecer moitos sitios e desfrutar moito 📌

Carmen Paz.

vez para volver e desfrutar á nosa forma, que e cantando .



Alegrando unha celebración especial.

Tamén agradecemos toda a colaboración que tiveron con nós e agardamos que para o ano que vén esteamos cantando con tanta ledicia e tanto entusiasmo como fixemos desta volta.

Unha aperta e feliz verán! 📌

Irene Pereiro.

Aqueles maravillosos anos!



25/12/1982. Representación teatral do Nadal.

Actuacións en comuñóns. / A destacar.../

Os pasados días de verán, o Coro Tanxedoira foi á igrexa da Resurrección do Señor no Barrio das Flores paraa cantar aos nenos e nenas que facían a primeira comuñón con moita ledicia.

Os participantes do coro xa levaban un ano indo a amenizar as mañás e este ano chamáronnos outra

Axenda

📌 9 de Setembro.

PREINSCRIPCIÓN NAS ACTIVIDADES.- Local Social de 11:00 a 20:00 horas.

11 de Setembro.

LISTAXE DE ADMITIDOS, EXCLUÍDOS E EN LISTA DE ESPERA.- Expoñeranse no Local Social.

16 de Setembro.

SANTABALLA (Vilalba).- Festa Indiana. Actuará o grupo de teatro con pinceladas das obras "La Taberna del Puerto" e "La Dolorosa". Así mesmo, participará o grupo de Cantos de Taberna.

18 de Setembro.

INICIO DO CURSO.- Darán comezo as actividades conforme ao calendario que publicárase no seu momento.

30 de Setembro.

CENTRO CÍVICO ARTESANOS.- Dentro dos actos do XL Aniversario de Tanxedoira, ofrecerá unha actuación de Cantos Populares. Rúa San Andrés nº 36. 19:00 h. Entrada de balde.

1 de Outubro.

COMIDA INICIO CURSO.- Celebrarse no Local de 14:00 a 20:00 horas. Os participantes colaborarán levando diferente tipo de comida que será compartida polos asistentes. Para lograr obter un menú variado, dispoñerase no Local Social dunha listaxe na que se inscribirán os comensais, facendo constar os produtos que achegarán.

2 de Outubro.

COBRO DE COTAS.- Pasaranse ao cobro as cotas anuais de asociado.

21 de Outubro.

CENTRO CÍVICO CASTRILLÓN.- Continuando coa celebración do XL Aniversario de Tanxedoira, realizácese unha actuación con Cancións Populares. Praza Pablo Iglesias s/n. 19:00 h. Entrada de balde.

1 de Novembro..

FESTA DE SAMAIÑ.- Celebrarase no local social onde haberá unha listaxe para inscricións. De 17:30 a 20:30 horas.

11 de Novembro.

FUTBOL SALA.- IES Monelos. Rúa Montes nº 62. As persoas interesadas poderán anotarse na listaxe que haberá no Local. Hora: 18:30

MAGOSTO.- Desenvolverase no Local Social, e os interesados en participar deberán incluírse na listaxe dispoñible na sede. 20:00 horas.

13 de Novembro.

CONCURSO POSTAIS NADAL.- Xa está aquí unha nova edición do noso concurso do Nadal. Presenta dúas categorías: Adultos (maiores de 14 anos) e Infantil (até 14 anos inclusive). O prazo para presentar os traballos será desde o día 13 de novembro até o 8 de decembro, ambos os dous inclusive. As bases estarán dispoñíbeis na web www.tanxedoira.org

18 de Novembro.

CENTRO CÍVICO CIUDAD VIEJA.- Proseguindo co programa do XL Aniversario de Tanxedoira, a Asociación levará a efecto unha actuación de Cantos Populares. Rúa Veeduría 2. Hora: 19:00. Entrada de balde.

/ Non perdas.../

Preinscripción nas actividades.

Tede presente o lugar, a data e o horario para facer a preinscripción nas actividades que se desenvolverán no curso 2017-2018.

Recibos cotas.

O día 2 de outubro, pasaranse ao cobro os recibos da cota anual da Asociación. Por tal motivo, rógase sexan atendidos puntualmente para evitar devolucións bancarias e, con elas, os gastos que carrexarían a Tanxedoira, o que supoñería un mal indesexable, tendo en conta os limitados recursos económicos dispoñibles. Grazas pola colaboración.